

Montes de Ferrol


aulas verdes
montaña




Mougá de Covas




Lagoa




Casal



San Xurxo



Brión



Pieiro



Montes de Ferrol

MONTES DE BRION

Máxima cota: Monte da Chaira (264mts)

Os Montes de Brión, compartidos coa parroquia de Doniños, limitan ó norte co Val de Doniños e zona de Vilabuide e Valón, cara o este está a ría de Ferrol e zona de A Graña, cara ó sur a ría con San Cristobal e Cariño, cara o oeste, a zona de Monteventoso e cabo Prioriño. Teñen indefinición da propiedade, pois moitos veciños reclaman como seus terrenos.

VEXETACIÓN. A vexetación en xeral é monte baixo, unhas pequenas zonas de eucaliptal na zona alta, e bastante sobre Doniños, e sobre a Graña o chamado o “Monte do Estado”, pertencente a Base Naval de A Graña, cun souto dos poucos que quedan xa no concello.

VISITAR: Os conxuntos de enterramentos neolíticos, con perto de 30 mámoas.

MONTES DE PRIORIÑO

Máxima cota: Monteventoso (246mts)

Este enorme cabo que se mete no mar, separando a Ría da costa Atlántica de Doniños, é unha barra granítica, moi erosionada polo vento do mar. O extremo está coroadado co faro de Prioriño, e dous poboamentos recuperados, O Pieiro e Confurco

VEXETACIÓN. Básicamente é monte baixo, con moito toxo, algunha zona recuperada como pasteiro, e na ladeira de Doniños e Cariño moito eucalipto

VISITAR: A batería de Viñas, e o monumento o Dornier de principios do século pasado, e os túneles escavados en roca.

MONTES DE SAN XURXO (PINAR DE DONIÑOS)

Máxima cota: A Torre (99mts)

Este monte costeiro, de propiedade veciñal, encravado na península entre as parroquias de Doniños e San Xurxo, sobre area e granito, e de moi baixa altura e con pouco desnivel, ten zonas interesantes para escalar na costa, así como rutas de entrenamento de correr.

VEXETACIÓN. So unha repoboación forestal de piñeiro, bastante afectada por diversos incendios, así como da praga da “procesionaria”, e o resto da vexetación en xeral e monte baixo,

VISITAR: O mais representativo, é o castro de Lobadiz, un poboamento característico de zonas de costa

MONTES DE MOUGA

Máxima cota: Campaiñas (295mts)

A día de hoxe, podemos ver unha aula de interpretación da reciclaxe e un miradoiro do Concello de Ferrol. Unha ruta de sendeirismo chega dende a parroquia de Esmelle, na súa ladeira Norte. Hacia o sur se abre o val de Doniños, e cara u oeste a costa de San Xurxo

VEXETACIÓN. Na parte superior tan so xestas, toxos e queirogas, son a cobertura do territorio, polas ladeiras campa o eucalipto, así como salgueiros nas zonas mais húmidas

VISITAR: É o outro cementerio megalítico importante con mais de 30 enterramentos espallados por toda a superficie

MONTES DE LAGOA

Máxima Cota: Coto da Lagoa (309mts)

Está parede que para todos os fronts climatolóxicos que veñen dende o atlántico, é a máxima cota do concello de Ferrol, compartido co concello de Narón. É unha auténtica Raia que sube dende campelo, e baixa a Covarradeiras xa en Covas.

VEXETACIÓN. Dada a proximidade a costa, os ventos fan que a vexetación na ladeira norte sexa de monte baixo, menos unha pequena zona de piñeiros.

Os eucaliptos cobren a zona cercana ó val de Papoi, así como algúns salgueiros nas zonas húmidas

VISITAR: Na ladeira sur os restos dunha mina de ouro, cun lavadoiro de mineral.

MONTES DO CASAL

Máxima Cota: O Pico (245mts)

O enorme val de Mandiá, auténtica horta de Ferrol, remata cerrado por unha liña de montes que se erguen por enriba da propia igrexa de Santa Uxía de Mandiá, dúas cumes, dan lugar a unha pequena golada pola que pasar hacia Papoi.

VEXETACIÓN. Tan só o toxo e xestas, forman parte da vexetación deste monte, con zonas cultivadas nas partes baixas

VISITAR: Hai dous castros na zona do val, e unha casa brasonada.



www.clubmontanaferrol.com
<http://turismoactivodonoroeste.blogspot.com>



Concello de Ferrol
Medioambiente

Deseño e Maquetación: Xan Ramirez • Edita: Club de Montaña • Imprime: Mundograf

Emerxencias	112	Garda civil urxencias	062
Concellería medioambiente	981 944 160	Seprona – Garda Civil (Pontedeume)	981 433 328
Bombeiros Ferrol	080 - 981 944 080	Protección Civil Ferrol	609 614 924
Policia municipal Ferrol	092 - 981 944 092	Club Montaña Ferrol	981 355 869 - 660 222 178
Policia verde Ferrol	981 944 145	Sociedade Galega de Historia Natural	981 352 820

Teléfonos de Interés

- 1) Non facer lume no monte en épocas de risco de incendios (Maio-Setembro).
- 2) O resto do ano facer unicamente lume naqueles lugares especialmente acondicionados para elo, e nunca deixalos sen estar totalmente apagados (mollados, a ser posible). Leva a comida preparada de casa
- 3) Non tirar colichas ó solo.
- 4) Mantén limpo o monte: garda os desperdicios nunha bolsa de lixo e tira nun contenedor ou leva a casa.
- 5) No circules con vehículos fora dos camiños autorizados, nin os estaciones sobre herbas secas ou maleza.
- 6) Se vives nunha casa cercana ó monte, mantén limpo o tellado e arredores de follas, polas secas, vexetación arbustiva e herbácea e lixo
- 7) Nas saídas ó monte, leva un teléfono móbil sempre que sexa posible, e toma referencias dos lugares polos que transites
- 8) Si ves que alguén descolida estes consellos, advértele do risco.

Lume QUE PODO FACER PARA PREVENIR OS INCENDIOS FORESTAIS